

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA MAÑÁ, VENRES, 18 DE SETEMBRO DE 2026**PRESIDENCIA****A CORUÑA**

12,30 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, participará no acto de apertura do ano xudicial 2026/2027.

TURISMO**POIO (Pontevedra)**

20,00 h.- O comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, o secretario xeral da Lingua, Valentín García, e a directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, participarán na sesión de ingreso de novos académicos da Academia Xacobeo, no marco das I Xornadas Camiños Pontevedreses *A ruta do Padre Sarmiento*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**VILARMAIOR (A Coruña)**

10,00 h.- A delegada da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará unha das actuacións executadas con cargo *ao Plan Camiña Rural*.

RIBEIRA (A Coruña)

17,00 h.- A delegada da Xunta na Coruña, Belén do Campo, comprobará o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial *Volta ao cole*, organizada pola Asociación de empresarios de Ribeira.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO**O CORGO (Lugo)**

14,30 h.- O delegado da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, asistirá á Festa do Avó. No polideportivo do CEIP.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

CRECENTE (Pontevedra)

12,00 h.- O delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará a asociación cultural e veciñal Amizade.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

VIGO

10,00 h.- A delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, recibirá a un grupo de profesores universitarios da Universidade Politécnica de Valencia que asisten ao Rotary Club.

10,30 h.- A delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, e o director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, presentarán en **rolda de prensa** o ciclo MusicaV Vigo.

12,30 h.- A delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, participará nos actos organizados pola Asociación de Doantes e Receptores de Órganos de Vigo (Adrovi) co gallo do Día Mundial do Doante de Medula Ósea.

CASA DE GALICIA

MADRID

12,00h.- O director da Casa de Galicia en Madrid, Luis E. Ramos, xunto coa directora de Promoción de Turismo de Galicia, Carmen Pita, presentarán a *XX Edición do Outono Gastronómico en Turismo Rural*.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

BERGONDO (A Coruña)

18,00 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, participará na clausura do encontro *Ideagov-Local 2026 A participación local nos ingresos das comunidades autónomas e a reforma da Lalga*.

Previamente, ás **13,00 h.**, o conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, participará coa conferencia *A participación nos ingresos da Comunidade autónoma (PICA) de Galicia: situación actual e perspectivas*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ás **15,30 h.** a directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, participará na mesa *Os aspectos financeiros da proposta de reforma da Laga*.

A CORUÑA

10,30 h.- O secretario xeral para o Deporte, Roberto García, visitará o festival de deporte urbano GRAVITEO A Coruña Xacobeo 2026.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

LUGO

12,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañada do delegado da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, presentará a *Guía de boas prácticas en eventos deportivos e de ocio* no Caudal Fest.

RIBADEO (Lugo)

15,00 h.- A directora xeral de Patrimonio Natural, Marisol Díaz, visitará o Monumento Natural Praia das Catedrais, xunto con membros da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

SAN CAETANO

12,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado polo secretario xeral técnico, Manuel Vila, participará na Conferencia Sectorial de Educación por vía telemática.

VIGO

18,45 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado pola delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, participará na inauguración do X Foro de Educación organizado polo *Faro de Vigo*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,30 h.- A directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, participará na **rolda de prensa** de presentación da Noite Galega dos Investigadores G-Night 2026.

PONTEVEDRA

12,00 h.- A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, participará na presentación da III edición dos Premios José Hermida de Radio Escolar.

NIGRÁN (Pontevedra)

12,30 h.- A directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, visitará a empresa Kreios Space para coñecer un proxecto de I+D+i aplicado ao sector espacial beneficiario do programa Vinnovate da Xunta para fomentar a I+G+i.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CIDADE DA CULTURA

09,00 h.- O director xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria, Antón Acevedo, participará nunha mesa redonda nas xornadas organizadas pola Asociación Galega de Entidades de Servizos Sociais e Dependencia (Agasede).

LUGO

09,30 h.- A directora xeral de Promoción da Igualdade, Eloína Ingerto, intervirá no acto inaugural do curso escolar do Colexio Plurilingüe Divina Pastora.

18,30 h.- A directora xeral de Promoción da Igualdade, Eloína Ingerto, visitará o Punto lila e arco iris instalado no Caudal Fest.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

VIGO

12,30 h.- A conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, acompañada da directora do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), Covadonga Toca, participará nos actos con motivo do XX aniversario da firma Ineo.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

09,30 h.- A directora do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), Covadonga Toca, participará na inauguración da *Programa de formación directiva en IA para empresas do sector da madeira e o deseño*.

VIANA DO CASTELO (Portugal)

Convocatoria en hora local, 12 h. en Galicia

11,00 h.- O director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila, visitará o convertedor de enerxía das olas que obtén o primeiro certificado de prototipo a nivel mundial, o CorPower Ocean.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

FERROL

10,30 h. - A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto coa delegada da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, supervisará o inicio de obras de novas vivendas públicas no Bertón.

VIGO

13,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto coa delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, supervisará o inicio da construción de novas vivendas públicas en Navia.

LUGO

10,00 h.- A directora da Axencia Galega de Infraestruturas, María Deza, manterá un encontro con representantes do sector da construción na provincia de Lugo, organizado por APEC Lugo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

SAN LÁZARO

11,30 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, acompañado pola directora xeral de Saúde Pública, Carmen Durán, presentará en **rolda de prensa** a campaña de vacinación 2026 fronte á gripe, a covid e o VRS.

TOLEDO

11,15 h.- O xerente do Servizo Galego de Saúde, Luis León, intervirá no *XV Encontro Global de Altos Cargos da Administración Sanitaria*, onde se abordará a atención primaria vista desde as direccións das xerencias autonómicas.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

LALÍN (Pontevedra)

20,00 h.- Os conselleiros de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, e Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañados polo director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, participarán na inauguración da Casa de Don Álvaro.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,00 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, participará na presentación do festival *Compostela Street*.

CIDADE DA CULTURA

12,30 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, presentará o Obradoiro Internacional de Tradución Poética da Illa de San Simón *Con barqueira e remador*.

OURENSE

20,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará na presentación do libro *Da cor da soidade. Poesía reunida 1986-2026*, de Luís González Tosar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

XERMADE (Lugo)

12,30 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, participará no acto de inauguración do *XXVI Encontro Internacional de Torneiros da Madeira*.

BARCELONA

09,00 h.- O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, asistirá ao *Foro europeo das cidades e do comercio de proximidade*.

VIGO

15,00 h.- A secretaria xeral de Emprego e Relacións Laborais, Susana Pérez Iglesias, participará na clausura da *II Xornada de prevención e seguridade na estiba portuaria*.

MONTEVIDEO (Uruguai)

Convocatoria en hora local, 15,00 h. en Galicia

10,00 h.- O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, acompañado pola delegada da Xunta no Uruguai, Elvira Domínguez, manterá unha reunión co ministro conselleiro da Embaixada de España no país, Carlos Domínguez, e co cónsul xeral de España, Juan Carlos Gafo.

Convocatoria en hora local, 17,30 h. en Galicia

12,30 h.- O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, acompañado pola delegada da Xunta no Uruguai, Elvira Domínguez, visitará o pavillón de España na 121ª Exposición internacional de gandería, mostra agroindustrial e comercial rural do Prado, *Expoprado 2026*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Convocatoria en hora local, 21,00 h. en Galicia

16,00 h.- O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, acompañado pola delegada da Xunta no Uruguai, Elvira Domínguez, manterá un encontro cos presidentes dos centros galegos de Montevideo.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ZAMORA

12,00 h.- A conselleira do Medio Rural **María José Gómez**, acompañada polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, participará na XII Edición Nacional e VI Edición Internacional dos Premios Cincho.

NOIA (A Coruña)

12,00 h.- O director xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, participará no acto institucional con motivo do décimo aniversario do leite de marca propia Eroski.

CONSELLERÍA DO MAR

POIO (Pontevedra)

18,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, acompañada do director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, e do delegado da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, participará na inauguración da *XXXVIII Festa da Ameixa* de Campelo.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

9,00 h.- O director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Isaac Rosón, reunirse con representantes de Conxemar.

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Xunta de Galicia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal